

## Contabilidade trimestral. Primeiro trimestre de 2008

### NOTA DE PRENSA


---

## A economía galega rexistra un crecemento do 3,2% no primeiro trimestre de 2008

O Produto interior bruto (PIB) xerado pola economía galega no primeiro trimestre de 2008 rexistrou un crecemento do 3,2% con respecto ao mesmo período do ano anterior, medido en termos de índices de volume e con datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Este crecemento é inferior en seis décimas ao rexistrado no trimestre anterior.

O crecemento interanual do PIB galego supera en cinco décimas ao obtido pola economía española (2,7%) e en oito décimas ao estimado para a UE-27 (2,4%).


O crecemento intertrimestral sitúase no 0,5%, catro décimas menos que no trimestre anterior.



Fonte: IGE. Contabilidade trimestral.

## Demanda

A demanda en termos nacionais contribúe con 3,8 puntos ao crecemento do PIB, reducíndose en nove décimas a súa achega ao crecemento agregado. Por outro lado, obsérvase unha menor contribución negativa do sector exterior (de -0,9 a -0,6 puntos).



Fonte: IGE. Contabilidade trimestral.

## Demanda. Índices de volume. Referencia ano 2000=100

*Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)*

| Operacións  | 2007       |            |            |            | 2008       |
|---|------------|------------|------------|------------|------------|
|   | Tr. I      | Tr. II     | Tr. III    | Tr. IV     | Tr. I      |
| Gasto en consumo final                            | 4,5        | 4,5        | 3,9        | 3,3        | 3,1        |
| -Gasto en consumo final dos fogares               | 4,4        | 4,5        | 3,9        | 3,4        | 3,1        |
| -Gasto en consumo final das AAPP e ISFLSF         | 4,9        | 4,5        | 3,9        | 3,0        | 3,1        |
| Formación bruta de capital                        | 6,7        | 5,0        | 5,9        | 5,8        | 3,7        |
| Demanda en termos nacionais <sup>(1)</sup>        | 5,9        | 5,3        | 5,2        | 4,7        | 3,8        |
| Exportacións de bens e servizos                   | 7,5        | 5,9        | 8,0        | 2,7        | 1,5        |
| Importacións de bens e servizos                   | 8,5        | 6,9        | 6,3        | 4,4        | 3,0        |
| <b>PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado</b> | <b>4,2</b> | <b>4,1</b> | <b>4,1</b> | <b>3,8</b> | <b>3,2</b> |

Fonte: IGE. Contabilidade trimestral

<sup>(1)</sup> Achega ao crecemento do PIB pm.

O gasto en consumo final dos fogares crece un 3,1%, tres décimas inferior ao que experimentou no trimestre anterior. Este resultado é consecuencia da evolución dos seus principais indicadores, que presentan rexistros máis desfavorables neste trimestre que no

anterior (nivel de emprego da economía, índice de vendas de comercio polo miúdo deflactado e corrixido de efecto calendario, matriculacións de turismos, indicador de renda salarial real...).

O gasto en consumo final das Administracións Públicas e Institucións sen fins de lucro presenta unha taxa de crecemento do 3,1%, unha décima máis que no trimestre anterior.

A formación bruta de capital rexistra un crecemento do 3,7%, 2,1 puntos inferior ao do trimestre anterior. Esta evolución é resultado do menor impulso da construción e do investimento en bens de equipo, xa que tanto a produción industrial como as importacións deste tipo de bens e a matriculación de vehículos de carga presentan taxas de crecemento inferiores ao trimestre anterior.

Como xa se comentou anteriormente, a achega da demanda externa neta é superior en tres décimas á do trimestre anterior. As exportacións creceron un 1,5% no primeiro trimestre, 1,2 puntos menos que no trimestre anterior. Pola súa parte, as importacións creceron un 3,0%, o que supón un descenso de 1,4 puntos sobre o crecemento do trimestre anterior.

## Oferta

Dende a perspectiva da oferta, agás nos servizos de non mercado, obsérvase unha diminución nas taxas de crecemento.

### Oferta. Índices de volume. Referencia ano 2000=100

*Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)*

| Operacións  | 2007       |            |            |            | 2008       |
|---|------------|------------|------------|------------|------------|
|   | Tr. I      | Tr. II     | Tr. III    | Tr. IV     | Tr. I      |
| Ramas agraria e pesqueira                         | -1,2       | 1,7        | 3,9        | 4,7        | 1,8        |
| Ramas enerxéticas                                 | 3,7        | 2,6        | 3,2        | -3,2       | -5,8       |
| Ramas industriais                                 | 4,9        | 3,4        | 6,2        | 1,7        | 0,8        |
| Construción                                       | 3,8        | 4,4        | 4,3        | 4,9        | 3,9        |
| Ramas dos servizos                                | 4,1        | 4,7        | 3,7        | 4,4        | 4,0        |
| - Servizos de mercado                             | 4,5        | 4,2        | 3,7        | 4,4        | 3,6        |
| - Servizos non de mercado                         | 2,4        | 6,1        | 3,6        | 4,3        | 5,6        |
| Impostos netos sobre os produtos                  | 3,4        | 4,4        | 5,9        | 2,8        | 3,4        |
| <b>PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado</b> | <b>4,2</b> | <b>4,1</b> | <b>4,1</b> | <b>3,8</b> | <b>3,2</b> |

Fonte: IGE. Contabilidade trimestral

As ramas agraria e pesqueira creceron un 1,8% no primeiro trimestre de 2008, cun mellor comportamento da rama pesqueira que a agraria.

Tanto as ramas de produtos enerxéticos como industriais acadan menores taxas de variación interanuais que no trimestre anterior, en sintonía coa evolución do índice de produción industrial, acadando un rexistro de -5,8 e 0,8%, respectivamente.

O sector da construción presenta unha taxa de crecemento do 3,9%, inferior nun punto ao crecemento rexistrado no trimestre anterior, debido basicamente á desaceleración da edificación residencial e obra civil.

Por último, o sector dos servizos presenta un crecemento do 4,0%, catro décimas inferior ao crecemento do trimestre precedente. Os servizos de mercado acadan un crecemento inferior en oito décimas ao rexistrado no cuarto trimestre de 2008, quedando situada a taxa no 3,6%. Os servizos non de mercado creceron un 5,6%, 1,3 puntos máis que no trimestre precedente.

## Emprego

O emprego, medido en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo, rexistra no primeiro trimestre de 2008 un crecemento interanual do 1,9%, tres décimas menos que o estimado para o trimestre anterior. Esta taxa supón a creación de 21.638 postos de traballo equivalentes a tempo completo nun ano.

### Emprego por ramas de actividade. Postos de traballo equivalentes a tempo completo

*Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)*

|   | 2007       |            |            |            | 2008       |
|---|------------|------------|------------|------------|------------|
|   | Tr. I      | Tr. II     | Tr. III    | Tr. IV     | Tr. I      |
| <b>POSTOS DE TRABALLO EQUIVALENTES A TEMPO COMPLETO TOTAL</b> | <b>3,2</b> | <b>3,4</b> | <b>2,3</b> | <b>2,2</b> | <b>1,9</b> |
| Ramas agraria e pesqueira                                     | -2,7       | 0,3        | -4,3       | -5,1       | -3,6       |
| Ramas enerxéticas   | -4,7       | -6,3       | -7,3       | -6,7       | -3,4       |
| Ramas industriais   | 1,4        | 2,8        | 3,2        | 3,9        | 1,7        |
| Construción   | 4,6        | 4,3        | 3,5        | 2,8        | 0,6        |
| Ramas dos servizos  | 4,4        | 3,9        | 3,0        | 2,9        | 3,0        |
| - Servizos de mercado   | 4,7        | 3,9        | 2,8        | 3,6        | 3,2        |
| - Servizos non de mercado                                     | 3,7        | 3,9        | 3,5        | 1,3        | 2,5        |

Fonte: IGE. Contabilidade trimestral

Atendendo ás ramas de actividade, son os servizos os que presentan un mellor comportamento, acadan unha taxa do 3,0%. Os servizos de mercado minoran o seu crecemento en catro décimas e os non de mercado experimentan un crecemento interanual do 2,5%, 1,2 puntos porcentuais superior ao crecemento do trimestre anterior. As ramas agraria e pesqueira acadan taxas interanuais menos negativas e a construción crece un 0,6%, 2,2 puntos menos que no trimestre anterior.

Distinguindo por situación profesional o emprego asalariado amosou un maior dinamismo, acadando neste trimestre unha taxa de variación interanual do 2,2%, medido en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo. O que supón a creación de 20.562 postos de traballo asalariados a tempo completo.

Considerando de forma conxunta o crecemento do PIB trimestral e o do emprego, a variación interanual da produtividade aparente do factor traballo sitúase no 1,3%, dúas décimas superior á cifra acadada no trimestre anterior.

### Prezos correntes

O PIB valorado a prezos correntes presenta un crecemento interanual do 6,1%, o que implica un crecemento do deflactor implícito do 2,9%, catro décimas superior ao do trimestre anterior.

## Contabilidade trimestral. Base 2000. Primeiro trimestre de 2008 Produto Interior Bruto trimestral e os seus compoñentes. Prezos correntes

*Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación anual e interanual (%)*

| Operacións  | 2007       |            |            |            | 2008       |
|---|------------|------------|------------|------------|------------|
|   | Tr. I      | Tr. II     | Tr. III    | Tr. IV     | Tr. I      |
| Gasto en consumo final                            | 7,2        | 7,2        | 6,9        | 6,9        | 7,0        |
| -Gasto en consumo final dos fogares               | 7,0        | 7,1        | 6,8        | 7,1        | 7,1        |
| -Gasto en consumo final das AAPP e ISFLSF         | 7,8        | 7,5        | 6,9        | 6,6        | 6,7        |
| Formación bruta de capital                        | 11,3       | 10,2       | 10,1       | 10,3       | 10,4       |
| Demanda en termos nacionais <sup>(1)</sup>        | 9,7        | 9,4        | 9,1        | 9,2        | 9,3        |
| Exportacións de bens e servizos                   | 13,0       | 11,2       | 14,8       | 7,4        | 5,9        |
| Importacións de bens e servizos                   | 13,2       | 11,9       | 14,3       | 9,7        | 8,8        |
| <b>PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado</b> | <b>7,7</b> | <b>7,3</b> | <b>7,2</b> | <b>6,3</b> | <b>6,1</b> |
| Ramas agraria e pesqueira                         | 1,9        | 5,7        | 8,6        | 8,1        | 7,1        |
| Ramas enerxéticas                                 | 4,7        | 4,5        | 4,7        | 3,5        | -0,2       |
| Ramas industriais                                 | 8,8        | 6,5        | 11,8       | 4,3        | 4,3        |
| Construción                                       | 10,5       | 9,2        | 9,6        | 9,3        | 8,7        |
| Ramas dos servizos                                | 6,8        | 7,2        | 7,3        | 8,2        | 8,5        |
| - Servizos de mercado                             | 6,8        | 6,6        | 7,0        | 8,5        | 8,5        |
| - Servizos non de mercado                         | 6,5        | 9,2        | 8,4        | 7,4        | 8,4        |
| Impostos netos sobre os produtos                  | 11,1       | 7,6        | -1,6       | -3,8       | -4,7       |

Fonte: IGE. Contabilidade trimestral

<sup>(1)</sup> Achega ao crecemento do PIB pm.

### Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n

15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)

FAX: 981.54.13.23

Comunicados en : <http://www.ige.eu>